

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Fomento e Servizos Provinciais. Sección de Educación, Cultura e Deportes

Convocatoria de bolsas para perfeccionamento de estudos artísticos para o ano 2013

BOLSAS PARA O PERFECCIONAMENTO DE ESTUDOS ARTÍSTICOS 2013

1.-OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O obxecto da presente convocatoria é a concesión de dezaioito bolsas en réxime de publicidade, obxectividade e concurrencia competitiva, destinadas aos estudos artísticos fóra da Comunidade Autónoma de Galicia durante o período 2013-2014, distribuídas nas seguintes áreas:

Área de artes plásticas: 3 bolsas.

Área de danza: 2 bolsas.

Área de interpretación: 4 bolsas.

Área de música: 6 bolsas.

Área de imaxe: 3 bolsas.

2.-DOTACIÓN ORZAMENTARIA.

A dotación das bolsas é de 161.100 € (8.950 € cada unha), e a súa aplicación orzamentaria corresponde á partida 6001/324A/481, na que existe crédito adecuado e suficiente.

3.-SOLICITANTES.

Poderán participar nesta convocatoria todas as persoas que, tendo a súa residencia na provincia da Coruña cunha antigüidade mínima dun ano, pretendan realizar estudos de perfeccionamento artístico fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, e que reúnan os requisitos que se relacionan:

3.1.-Ter nacido a partir do 1 de xaneiro de 1983 (incluído este), salvo os titulares da bolsa na convocatoria anterior, que poderán ter nacido a partir do 1 de xaneiro de 1982.

3.2.-Acreditar, como mínimo, un ano de residencia en calquera concello da provincia da Coruña, mediante a presentación dun certificado de empadramento no que conste expresamente a data de empadramento ou a antigüidade mínima dun ano. A data de expedición do certificado será posterior á publicación desta convocatoria no BOP.

3.3.-Os titulares de bolsa en anteriores convocatorias, non están excluídos de participar nesta, sempre que cumpran todos os requisitos.

4.-DOCUMENTACIÓN.

Cada participante poderá presentar soamente unha única solicitude que se axustará aos modelos normalizados que se facilitarán no Rexistro Xeral da Deputación, na Sección de Cultura e Deportes e na páxina web da Deputación www.dicoruna.es. achegada, na orde que se indica, da seguinte documentación:

4.1.-Fotocopia do documento nacional de identidade ou do documento que regulamentariamente o substitúa.

4.2.-Certificado de empadramento cos requisitos establecidos na base 3.2.

4.3.-Área das bolsas á que opta, con indicación detallada dos estudos que vai realizar na que deberá constar expresamente:

a) Contido dos estudos a realizar, que corresponderán ao período 2013-2014.

b) Obxectivos que pretende acadar.

c) Duración, con indicación o máis aproximada posible das datas de inicio e fin.

d) Lugar de realización.

Non se poderá optar a máis dunha área por solicitude.

4.4.–Carta de aceptación, ou aval do director ou do responsable do centro onde se van realizar os estudos.

Para aqueles casos nos que por razóns temporais non se poida acreditar a inscrición no centro, terá que acreditarse a aceptación para a realización das probas de acceso.

4.5.–Currículo do solicitante que poderá ir acompañado de documentación gráfica, audiovisual e demais que considere necesaria.

4.6.–Escrito autorizando á Deputación para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Tributaria e a Seguridade Social con anterioridade aos pagos.

4.7.–Declaración responsable das axudas solicitadas ou recibidas para o mesmo fin.

4.8.–A documentación poderase presentar en copias simples, tendo en conta que os que resulten titulares das bolsas, terán que realizar no seu momento as compulsas correspondentes.

5.–PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DESISTIMENTO.

A documentación presentárase no Rexistro Xeral da Deputación ata o 20 de maio de 2013.

Tamén poderá ser presentada neste prazo, en calquera dos rexistros previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A Deputación publicará na súa páxina web e no taboleiro de anuncios a relación de solicitantes admitidos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento dos datos dos solicitantes e para a súa publicación.

No prazo de 15 días dende a publicación da relación de solicitantes admitidos, poderán os interesados formular as reclamacións oportunas; transcorrido este prazo sen que se emenden as causas de exclusión, considerarase que desiste da súa petición nos termos do artigo 71 da lei 30/1992, do 26 de novembro.

Tamén será causa de desistimento da solicitude, non axustarse aos termos da convocatoria, ou o incumplimento dos requisitos establecidos nela.

6.–TRIBUNAIS.

Constituirase un tribunal para cada área das bolsas e a celebración das sesións será conxunta.

Cada tribunal estará presidido polo Presidente da Deputación e formarán parte de cada un deles a deputada presidenta da Comisión de Cultura, Educación, Deporte e Mocidade, e tres representantes das universidades da provincia, sendo o secretario o da Deputación ou a persoa na que delegue, e requirira para a súa válida constitución a maioría simple dos seus membros

Cada un dos tribunais valorará as solicitudes que lle correspondan en función da área asignada na instancia polos solicitantes; non obstante na primeira reunión que se celebre, poderán reasignarse a outra área e por conseguinte a outro tribunal, aqueles proxectos que polas súas especiais características ou por erro dos solicitantes, non estén correctamente clasificados, coa finalidade de que sexan avaliados polo tribunal competente.

A composición dos tribunais publicarase na páxina web da Deputación e no taboleiro de anuncios, con anterioridade á súa reunión.

Cada tribunal formulará a súa proposta de concesión, que será motivada, e as súas actuacións serán segredas.

7.–EVALUACIÓN DAS SOLICITUDES E RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA.

O órgano competente para ditar o acordo de resolución da convocatoria é o presidente da Deputación.

7.1.–Os tribunais convocarán aos solicitantes das bolsas das áreas de interpretación, danza e música para que realicen unha proba de interpretación e, de ser o caso, unha entrevista persoal para responder a preguntas do tribunal sobre os estudos ou proxecto a realizar.

Tamén poderán convocar aos solicitantes de artes plásticas e imaxe para a realización duna entrevista persoal.

Estas probas e entrevistas terán lugar na primeira quincena do mes de xullo e a convocatoria realizarase mediante publicación na páxina web e o taboleiro de anuncios da Deputación.

7.2.–A valoración das solicitudes realizarase de acordo cos seguintes criterios e puntuacións:

a) Áreas de imaxe e artes plásticas:

* Interese do proxecto presentado: 4,5 puntos.

* Currículo do solicitante: 5 puntos.

* Outros méritos a valorar polo tribunal segundo a documentación presentada: 0,5 puntos.

b) Áreas de danza, interpretación e música:

* Interese do proxecto presentado: 2,5 puntos.

* Valoración da proba: 4,5 puntos.

* Currículo do solicitante: 2,5 puntos.

* Outros méritos a valorar polo tribunal segundo a documentación presentada: 0,5 puntos.

A puntuación total de cada solicitante obterase pola suma das puntuacións anteriores.

7.3.–Os tribunais poderán declarar desertas as bolsas en calquera das áreas que son obxecto da convocatoria cando a calidade das persoas participantes non acade os criterios mínimos para a súa concesión, despois de ter feita a súa ponderación.

7.4.–Cada tribunal poderá nomear o número de suplentes que considere oportuno, establecendo unha orde de prioridade. Estas persoas accederán ás bolsas, unicamente, no caso de existir algunha renuncia ou revogación polo incumplimento das obrigas desta convocatoria.

7.5.–A resolución da convocatoria será dada a coñecer mediante a publicación na páxina www.dicoruna.es e no taboleiro de anuncios, e producirá os efectos de notificación ás persoas interesadas.

7.6.–Contra esta resolución, que poñerá fin á vía administrativa, poderán ser interpostos, con carácter potestativo, os seguintes recursos:

Recurso de reposición, diante do presidente da Deputación Provincial, no prazo dun mes.

Recurso contencioso administrativo, diante da xurisdicción contencioso administrativa, no prazo de dous meses.

Ambos os dous prazos contaránse dende o día seguinte ao da notificación da resolución da convocatoria, de conformidade co establecido na base 7.5 desta convocatoria.

A presentación dos recursos sinalados non poderá ser feita con carácter simultáneo.

7.7.–Os que resulten titulares da bolsa, mediante exposición suficientemente razoada e por causas sobrevenidas á data de presentación da documentación desta convocatoria, poderán solicitar a modificación do proxecto inicial ou o cambio por outro distinto, e sempre con anterioridade ao inicio dos estudos.

Estas solicitudes someteranse ao estudo do tribunal da área que fixo a proposta de adxudicación para os efectos de determinar se procede autorizar o cambio de proxecto ou pola contra, deixar sen efecto a adxudicación.

8.–REALIZACIÓN DO PROXECTO E OBRIGAS DOS BOLSEIROS.

Coa finalidade de acreditar a realización do proxecto, os titulares das bolsas terán que cumprir todas as normas establecidas nos apartados anteriores e ademais:

8.1.–Comezar os estudos obxecto da bolsa no cuarto trimestre (setembro a decembro) de 2013, salvo no caso dos suplentes que poderán comezar os estudos no ano 2014.

8.2.–Remitir trimestralmente dende a data de inicio dos estudos, memorias parciais, que virán asinadas polo bolseiro, e polo centro ou polo director dos estudos, con indicación dos pasos seguidos ata o momento da presentación e do estado no que se atopan os estudos.

8.3.–Memoria final, que será presentada ao finalizar os estudos, xunto co informe do centro ou do director dos estudos, con indicación do aproveitamento da bolsa e dos resultados obtidos.

As memorias poderán ser valoradas polas persoas que formen parte da área do tribunal á que pertencen o proxecto, por instancia da Deputación no caso que se considere pertinente.

Estos prazos poderán ser prorrogados despois de solicitude razoada, e sempre que se presente cunha antelación mínima dun mes con respecto á data de presentación

A presentación fora de prazo das memorias parciais ou da memoria final sen que medie solicitude razoada de prórroga que sexa admitida favorablemente pola Deputación, levará aparellada a imposición dunha sanción, de conformidade co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, polo que se aproba o seu regulamento, e poderá dar lugar á devolución do importe cobrado ata o momento no que se produza o incumplimento, ao que se lle engadirán os correspondentes xuros de demora.

8.4.–Os bolseiros das áreas de artes plásticas, ademais do anterior, entregarán á Deputación, unha obra realizada durante o período dos estudos, no prazo máximo de seis meses dende a data de pagamento do último prazo da bolsa.

9.-PAGAMENTO.

As bolsas aboaranse en dous prazos:

75% (6.712,50 €), despois da presentación da seguinte documentación:

a) Xustificante da matrícula ou inscrición que acredite os estudos que vai realizar.

O prazo máximo para a súa presentación e o cuarto trimestre (setembro a decembro) de 2013.

b) Impreso de comunicación de datos bancarios para o rexistro de terceiros, para os efectos de domiciliación dos importes que lle serán aboados pola Deputación da Coruña. Este modelo atópase no enderezo: <http://www.dicoruna.es/deputación/impresos/xerais>

25% (2237,50 €), despois de finalizar os estudos e da presentación da seguinte documentación:

a) Memoria final dos estudos realizados.

b) Informe do centro ou do director dos estudos, con indicación do aproveitamento da bolsa e dos resultados obtidos.

Os pagos realizaranse por transferencia bancaria á conta indicada polo bolseiro.

Na área de imaxe, será de igual cumprimento esta disposición, debendo presentar neste caso unha reportaxe sobre un tema que se elixirá de acordo coa Deputación.

Nas restantes áreas, a Deputación poderá programar algunha actividade co fin de amosar públicamente os beneficios e o aproveitamento obtidos como resultado das bolsas.

O incumplimento desta ou de calquera outra condición das presentes bases, así como a renuncia á bolsa, implicará a obrigación de devolver o importe da mesma xunto cos correspondentes xuros de demora.

10.-PROPIEDAD DOS TRABALLOS.

A propiedade dos traballos será dos titulares das bolsas salvo o disposto para as incluídas na área de artes plásticas.

Calquera publicación ou estrea das obras obxecto da bolsa, farán constar a publicidade do financiamento provincial.

DISPOSICIÓN FINAL.

Transcorrido o prazo de seis meses dende a publicación da concesión das bolsas, a documentación presentada polos solicitantes que non resultaron adxudicatarios, será destruída.

Os participantes nesta convocatoria aceptan en todos os seus termos as presentes bases e a resolución correspondente, sen prexuízo da presentación dos recursos pertinentes.

Para os casos non previstos nas presentes bases, será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, polo que se aproba o seu regulamento, e as Bases de execución do Orzamento Xeral da Deputación do ano 2013.

A Coruña, 4 de abril de 2013.

O presidente

O secretario

Diego Calvo Pouso

José Luis Almau Supervía

2013/4383